

UNIDADE 1. Preto de ti

PROGRAMACIÓN

Contidos

Criterios de avaliación

Organización social: a familia. Relacións de parentesco e modelos familiares.	1. Coñecer a súa pertenza a certos grupos sociais (familia, escola, grupo de iguais...), as relacións simples de parentesco e os roles familiares, apreciando as súas características e trazos propios. Valorar a importancia de colaborar nas tarefas do fogar.	
	2. Coñecer os seus apelidos e recordar que pertence a unha familia con características e trazos propios.	
As vivendas.	3. Coñecer as dependencias dunha casa e a súa función.	
Organización social: o colexio. Organización escolar: a clase, os compañeiros, o material escolar e os espazos físicos.	5. Identificar o material escolar.	
	6. Entender as tarefas e responsabilidades básicas dos membros da comunidade educativa.	

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Páxina do LA	Competencias clave	Avaliación
1.1 Identifica as relacións de parentesco.	16		LA: act. 1 páx. 26 AC: act. 6
1.2 Discrimina os roles familiares.	17		LA: act. 2 páx. 26 AC: act. 6
1.3 Respecta as normas de convivencia e as regras establecidas na familia, valora a súa pertenza a unha familia e recoñece as súas características e trazos.	17		LA: act. 2 páx. 26 AC: act. 1
1.4 Describe tarefas en que axuda na casa.	17		AC: act. 2:
2.1 Coñece os seus apelidos e a pertenza a unha familia con características e trazos propios.	16-17		AC: act. 3
2.2 Explica as características dos grupos cos que se relaciona, respectando e valorando as súas diferenzas.	17 24-25		AC: act. 4
3.1 Identifica tipos de vivendas e descríbeas oralmente.	18		AC: act. 5
3.2 Coñece a función da casa e os elementos propios de cada dependencia.	19		AC: act. 6
4.1 Coñece os lugares que compoñen o colexio.	20		LA: act. 4 páx. 27
5.1 Distingue materiais de uso escolar.	20		LA: act. 4 páx. 27
6.1 Identifica os membros da comunidade escolar e respecta as tarefas que desempeñan.	21		LA: act. 3 páx. 26 AC: act. 7

NOTA: LA: Libro do alumno AC: Avaliación complementaria (Proposta didáctica)














UNIDADE 1. Preto de ti

PROGRAMACIÓN (CONTINUACIÓN)

Contidos

Criterios de avaliación

Organización social: os amigos e os compañeiros. Grupos da localidade deportivos, recreativos e culturais. Estratexias para a resolución de conflitos. Utilización das normas de convivencia e interpersoais, así como valoración da convivencia pacífica.	7. Participar en actividades de grupo, respectando os principios básicos de convivencia.	
As normas de convivencia.	8. Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e de resolver conflitos, fomentando os valores democráticos.	
As normas de convivencia.	9. Comprender o comportamento adecuado nas instalacións do colexio, na súa contorna.	
Distintos grupos humanos e étnicos.	10. Establecer as normas de clase e do colexio de forma democrática. 11. Respetar a variedade dos diferentes grupos humanos e valorar a convivencia pacífica e tolerante entre todos, sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos.	

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Páxinas do LA	Competencias clave	Avaliación
7.1 Participa nas actividades grupais do colexio (xogos, conversas, dramatizacións, postas en común, etc.) e respecta as normas de convivencia.	22-23	 	LA: act. 5 e 6 páx. 27 AC: act. 8
8.1 Participa dun xeito eficaz e construtivo na vida social e crea estratexias para resolver conflitos.	22		LA: act. 5 páx. 27 AC: act. 8
8.2 Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos aceptados nas distintas contornas (escola, familia, etc.).	22		LA: act. 5 páx. 27 AC: act. 8
9.1 Respecta as normas de convivencia e as regras na clase.	23-24		LA: act. 5 e 6 páx. 27
9.2 Respecta os demais, así como as normas establecidas (escoita as intervencións, espera a quenda de palabra, etc.).	23-24		LA: act. 5 e 6 páx. 27 AC: act. 9
10.1 Utiliza a asemblea da clase como medio para propoñer e resolver conflitos.	24	   	AC: act. 9
11.1 Recoñece os costumes doutros grupos sociais e étnicos, e valora as súas culturas e a súa diversidade.	24-25	  	AC: act. 10

NOTA: LA: Libro do alumno AC: Avaliación complementaria (Proposta didáctica)

CONSIDERACIÓNS PARA A UNIDADE

CONTIDOS PREVIOS

- O colexio.
- A familia.
- A vivenda.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

- Prevención e resolución pacífica de conflitos.
- Mellora da convivencia e prevención dos accidentes de tráfico.

SUXESTIÓNS METODOLÓXICAS

Na primeira parte da Unidade realizaranse actividades ao redor do ámbito familiar, recordando o concepto de familia, traballando a distribución de tarefas entre todos os membros que a forman e promovendo unha actitude responsable que estimule a colaboración nas tarefas do fogar.

Introducir as estancias que ten unha casa e a función que cumpre cada unha delas.

Continuar preguntándolles aos alumnos que dependencias do colexio coñecen e que actividades se realizan en cada unha. Relacionar estes espazos cos profesionais que traballan no centro. Despois, centrarse nos alumnos e no profesor, e nomear os materiais que necesitan para traballar.

É importante que os alumnos interioricen que, para vivir en sociedade, hai que cumprir e respectar unhas normas nos distintos ambientes que frecuentan: familia, colexio, parque, rúa...

A mellor forma de concienciar valor e respecto a todas as persoas que os rodean é propoñer distintas situacións de convivencia, nestes espazos que os nenos comparten con outros iguais e con adultos, e pedirles que expliquen como se comportarían e como cren que deberían comportarse con eles.

1

PRETO DE TI



Gústamvos os mesmos xeados?



SABER SER

Con esta pregunta búscase traballar as semellanzas e as diferenzas que temos todos os seres humanos. O obxectivo é ser consciente de que desde a cousa máis insignificante, como un xeadado, ata os trazos físicos e culturais, todos temos moitos puntos de encontro.

Propoñémosvos seguir traballando as semellanzas e as diferenzas. Preguntarlle a cada alumno polos seus gustos, por exemplo en deportes, roupa, lecer, etc.; e completar unha táboa no encerado para que analicen a información que se obtivo.

Trasnos, ides descubrir o mundo real. Mirade que hai preto de vós!



En que se parece a túa familia a esta?



Tes que aplaudir cando vas ao teatro?



SABER

Quérese facer fincapé en que a concepción de familia é moi ampla. Pódese falar da gran familia do circo como unha metáfora de persoas que, aínda que non estean unidas por unhas relacións biolóxicas de parentesco, considéranse familia.

SABER FACER

As normas están presentes en cada acto e en cada espazo, só hai que saber mirar para velas. Por este motivo é importante facelos partícipes á hora de establecer as normas que van ter que cumprir durante todo o curso na aula.

GAMIFICACIÓN

O oráculo invita os trasnos a coñecer o mundo real para que sexan capaces de diferenciarlo do mundo fantástico.

O mellor xeito de comezar a descubrir como é o mundo real é coñecer o que está máis preto de cada un de nós, neste caso, «máis preto de ti».

Os trasnos poderán obter as súas primeiras xemas se conseguen respectar a quenda de palabra e escoitarse uns a outros mentres traballan esta dobre páxina. Proponse que estas xemas se acumulen no cofre da aula.

APRENDIZAXE COOPERATIVA

O profesor presenta as páxinas coas que se inicia a unidade e anticipa os contidos coa estrutura **Parada de tres minutos**.

As preguntas pódense resolver coa estrutura **Mellor entre todos**.

INTELIXENCIAS MÚLTIPLES

Visual-espacial

Preguntarlles aos alumnos en que zonas do colexio poñerían papeleiras e carteis que faciliten unha convivencia cívica.

Intrapersoal

Propoñerlles aos alumnos unha situación de mala convivencia e pedirllles que expresen como se sentirían e que cren que poderían facer para evitala.

RUTINAS E DESTREZAS DE PENSAMENTO

Seguindo a estrutura de **Vexo, penso, pregúntome**, invítase aos alumnos a que observen as imaxes e que describan o que ven nelas. Poden enumerar todo o que lles suxiren para que finalmente propoñan preguntas que lles gustaría resolver.

É conveniente ir completando o organizador visual correspondente durante o desenvolvemento desta estrutura de traballo.

A nosa familia

1 Observa estas familias. Despois, repasa.



2 Como é a túa familia? Debuxa.

Resposta aberta.

CONTIDOS

- Organización social: a familia. Relacións de parentesco e modelos familiares.

COMPETENCIAS CLAVE

- Competencias sociais e cívicas.
- Conciencia e expresións culturais.

SUXESTIÓNS METODOLÓXICAS

- Antes de realizar as actividades, pedirles aos alumnos que digan cantas persoas viven na súa casa e o nome de cada unha.
- **ACTIVIDADE 1.** Unha vez completada a actividade, propoñerlles que relacionen os membros da súa familia coa relación de parentesco que teñen con cada un.
- **ACTIVIDADE 3.** Cando terminen a actividade, pedirles que nomeen outras actividades que realizan en familia.
- **ACTIVIDADE 4.** Logo de facer esta actividade, pedirles aos alumnos que escriban cal ou cales das persoas que aparecen nomeadas adoitan facer as tarefas na súa casa.
- Propoñerlles aos alumnos que expliquen como fan a tarefa en que axudan na casa.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Propoñerlles aos alumnos que miren os debuxos dos seus compañeiros e que, entre todos, identifiquen que membro da familia é cada un.
- Ampliar o coñecemento e explicar outras relacións de parentesco que non se traballaron, como quen son os bisavós e os tataravós, e pedirles que lles pregunten aos seus familiares sobre os seus: de onde eran, como se chamaban, onde vivían, etc. Despois, comentalo cos compañeiros.

O noso fogar

1 Onde vives coa túa familia? Marca.



casa

Resposta aberta.

piso

2 Repasa a oración.



Unha casa serve para

protexermos,

descansar

e convivir.

protexermos
descansar
convivir

3 Explica como é a túa casa. Resposta aberta.

CONTIDOS

- As vivendas.

COMPETENCIAS CLAVE

- Competencias sociais e cívicas.
- Comunicación lingüística.

SUXESTIÓNS METODOLÓXICAS

- Antes de comezar as actividades, preguntarles aos alumnos se saben o que significa a palabra «fogar». Despois, explicar e ter en conta todas as connotacións que abarca este termo.
- A continuación, preguntar como é o seu fogar, onde se atopa, se os fogares de ao redor son todos iguais ou se hai de diferentes tipos.
- **ACTIVIDADE 1.** Unha vez completada a actividade, preguntarles se coñecen outros tipos de casas e, se é así, que as describan. Posteriormente, pódese animar a investigar ou tamén se lles pode mostrar a existencia doutras casas máis peculiares, como as casas cova, as casas flotantes, etc.
- **ACTIVIDADE 2.** Unha vez completada a actividade, comentar as funcións que ten unha casa e os beneficios que nos proporciona.
- **ACTIVIDADE 3.** Realizar esta actividade en parellas, en grupos ou co grupo de clase. Preténdese que empecen a expresarse oralmente e que coñezan diferenzas e similitudes entre os tipos de fogares.
- **ACTIVIDADE 4.** Antes de realizar a actividade, pódese pedir aos alumnos que nomeen as estancias da casa que coñezan e apuntalas no encerado. Unha vez feita a lista das estancias, pódese propoñer que indiquen as partes que ten a súa casa.
- **ACTIVIDADE 5.** Outro xeito de traballar oralmente as funcións das diferentes estancias da casa é pedirles aos alumnos que debuxen o seu cuarto preferido e que expliquen detalladamente por que é o que máis lles gusta e que actividades levan a cabo nel. Despois, pódense expoñer os debuxos na clase.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Preguntarles en que estancias realizarían as seguintes actividades: ler, xogar, comer, lavar os dentes, estudar, vestirse, ver a televisión, peitearse.
- Comentar cos alumnos que, nas cidades, debido ao aumento do número de habitantes e ao reducido espazo, moitas casas só teñen dúas estancias: un aseo e un espazo máis grande, que cumpre as funcións de salón, cociña e dormitorio. Son o que se denominan «estudios». Pedirlles que busquen en Internet, en xornais ou en revistas imaxes deste tipo de vivendas, ou mostrarlles imaxes e comentalas na clase.

CONTIDOS

- Organización social: o colexio.
- Organización escolar: a clase, os compañeiros, o material escolar e os espazos físicos.

COMPETENCIAS CLAVE


- Competencias sociais e cívicas.
- Aprender a aprender.
- Comunicación lingüística.

SUXESTIÓNS METODOLÓXICAS


- Antes de comezar as actividades, preguntarllas aos alumnos como é o colexio, que partes coñecen e que persoas traballan nel.
- **ACTIVIDADE 1.** Unha vez realizada a actividade, preguntarllas aos alumnos que actividades se desenvolven en cada unha das dependencias do colexio que aparecen na actividade. Se o colexio ten outras zonas que non aparecen na actividade (sala de ordenadores, biblioteca, salón de actos, etc.), escribilas no encerado e comentar, entre todos, as actividades que alí se realizan.
- **ACTIVIDADE 2.** Unha vez terminada a actividade, pedirllas aos alumnos que nomeen e debuxen outros obxectos que utilizan na clase.
- **ACTIVIDADE 3.** Logo de realizar a actividade, preguntarllas por outros profesionais que traballen no colexio e apuntalos no encerado.
- **ACTIVIDADE 4.** A partir das ilustracións, pedirllas aos alumnos que nomeen o material que utilizan os profesionais do colexio.
- **ACTIVIDADE 5.** Dividir a clase en grupos e asignarlle a cada un deles un profesional dos que aparecen nas actividades 3 e 4. Pedirlles que expliquen cal é a súa función e por que é importante para o colexio.
- Por último, explicarllas aos alumnos as normas que se deben seguir en cada un dos espazos físicos do colexio, así como cando se pode estar neles e se é necesario ir acompañados por un profesor.

Coñecemos o colexio

1 Une segundo o modelo.



2 Risca o que non utilizas na clase.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Realizar unha visita guiada ao colexio para que os alumnos poidan ver todos os seus espazos físicos, e explicarllas as actividades que se realizan en cada un deles. Despois, pedirllas que elixan o espazo que máis lles gustou e que o debuxen.
- Investigar sobre a evolución do material escolar neste último século. Para iso, pedirllas aos alumnos que lles pregunten aos seus pais e avós que material escolar utilizaban eles, como eran os pupitres e as aulas, etc. Despois, comentar as respostas na clase.

CONTIDOS

- Organización social: os amigos e os compañeiros. Grupos da localidade deportivos, recreativos e culturais.
- Estratexias para a resolución de conflitos.
- Utilización das normas de convivencia e interpersoais, así como valoración da convivencia pacífica e tolerante.

COMPETENCIAS CLAVE

- Competencias sociais e cívicas.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

SUXESTIÓNS METODOLÓXICAS

- **ACTIVIDADE 1.** Unha vez finalizada a actividade, afondar nas accións positivas que marcaron. Preguntarlles por que hai que escoitar cando che falan, por que hai que pedir as cousas por favor e por que hai que axudar a alguén que caeu. Dialogar sobre iso.
- **ACTIVIDADE 2.** Dialogar na clase sobre diferentes formas para solucionar un conflito para valorar a mellor opción en cada caso.
- **ACTIVIDADE 3.** Despois de resolver a actividade, pedirllles que pensen nos problemas que evitan se actúan como indicaron nas respostas que marcaron (por exemplo, cando un compañeiro cae ao chan).
- **ACTIVIDADE 4.** Pedirllles que pensen que ocorrería se ninguén levántase a man para pedir a quenda de palabra e cada un falase cando quixese.

Respectámonos

1 Subliña o que debes facer en cada caso.



- ▶ Desobedecer a mamá e non escoitala.
- ▶ Escoitar a mamá cando me está a falar.



- ▶ Pedir o lapis por favor.
- ▶ Quitarlle o lapis ao meu compañeiro.



- ▶ Burlarme do neno que caeu.
- ▶ Axudalo a levantarse e avisar un adulto.

2 Como axudarías a dous amigos que están pelexando por unha pelota?

Resposta modelo. Explicarlles aos meus compañeiros que non teñen que pelexar, que teñen que respectarse e intentar solucionar as súas diferenzas falando.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Pedirllles aos alumnos que expliquen por que é importante que nos respectemos e nos axudemos.
- Analizar outras situacións para aprender como se deben comportar, por exemplo, nunha sala de cine, nun restaurante, etc.
- Utilizar outras fotografías para que sigan afondando nestes aspectos e para que sexan capaces, a través da observación de imaxes, de analizar a información que cada unha delas ofrece.

CONTIDOS

- Deberes e dereitos das persoas.
- As normas de convivencia.

COMPETENCIAS CLAVE

- Competencias sociais e cívicas.
- Conciencia e expresións culturais.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
- Comunicación lingüística.

SUXESTIÓNS METODOLÓXICAS

Poñemos as nosas normas

- As normas de clase deben elixirse entre todos. Polo tanto, todos os alumnos deben ter a oportunidade de nomear algunha, aínda que xa a dixese antes outro compañeiro. Hai que vixiar que ningún alumno quede sen participar.
- Antes de realizar as actividades, explicar as diferenzas que hai entre os tipos de normas que se poden poñer: de orde, de limpeza, de convivencia... Despois de realizar as actividades, preguntarlles por que cren que as normas da clase se deben elixir entre todos.

Iguais e tamén diferentes

- Antes de realizar as actividades, pódese xogar a ver as características físicas en que coinciden e se diferencian dous alumnos. Con este xogo potenciamos os elementos comúns e os elementos característicos, que pode servírnos de introdución para reflexións máis complexas, como as similitudes e as diferenzas culturais. Pódese cambiar a temática do xogo iguais e diferentes para valorar variados aspectos: cor favorita, xogos preferidos, deportes, etc.

Poñemos as nosas normas

- 1 Sigue estes pasos para facer un mural coas normas de clase.



Entre todos, pensamos as normas deste curso.



Cada alumno elixe unha norma, escríbea e debúxaaa nun papel.



Pegamos no mural cada norma.

- 2 Como vos puxestes de acordo para elixir esas normas?

Resposta modelo. Entre todos, en asemblea fóronse facendo as propostas de elección. Respectáronse as quendas de palabra...

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Dividir os alumnos en grupos de catro. Cada semana, un grupo será responsable de que se cumpran as normas de orde e de limpeza que elixiron entre todos. Os membros do grupo organizaranse e repartiran as normas, de modo que cada un deles deberá estar atento a que se cumpra a que lle tocou. Se ve outros alumnos que a incumpren, recordarlles a norma con boas palabras e pediralles que a cumpran.
- Comentar cos alumnos a importancia de escoitar as ideas dos compañeiros, incluso se proveñen de culturas diferentes á nosa. Facer fincapé en que coñecer xogos, tradicións, etc., doutros países enriquecénos e axúdanos a aprender; ademais, proporcionáanos beneficios, como ter unha visión máis tolerante e obxectiva das cousas, e permítenos adaptarnos mellor a novos lugares cando viaxamos.


RUTINAS E DESTREZAS DE PENSAMENTO

Ao finalizar as actividades, traballárase coa escaleira da metacognición para que cada alumno responda de forma individual as seguintes cuestións:

- Que aprendín?
- Como o aprendín?
- Que me resultou máis fácil?
- Para que me serviu?
- En que situacións poderei aplicar o que aprendín?

Inesquecible!

1 Repasa e completa o esquema.



Membros da familia
Poñer tres dos membros que cada alumno queira destacar.

Resposta modelo:

pai
nai
fillo

2 Onde fan estas tarefas da casa? Escribe.



Están cociñando

na _____

cociña



Están ordenando

o _____

dormitorio

3 Quen traballa no despacho do colexio? Marca.

- directora conserxe profesor

AVALIACIÓN COMPLEMENTARIA

1 Subliña as normas de convivencia familiar que elixirías para a túa familia.

- Se non me gusta o que din os meus familiares, non os escoito.
- Que cada un faga o que lle apeteza.
- Colaborar todos nas tarefas domésticas.
- Respectar e escoitar a opinión de todos.

2 Marca as tarefas en que colaboras na casa.

- Facer a cama.
- Poñer e quitar a mesa.
- Recoller o cuarto.
- Tirar o lixo.

3 Escribe os teus apelidos e nomea tres características da túa familia.


4 Quen forman o teu grupo de amigos? Explica que cousas diferentes vos gustan a cada un.

5 Explica as diferenzas entre unha casa e un piso.

6 Debuxa o fogar da familia Gómez: a nai está traballando no seu despacho, o pai está léndolle no salón un conto á súa filla, o gato está no cuarto de baño e o fillo maior está fregando os cacharros.

4 Rodea onde está cada un.

aula comedor gimnasio aseo



5 Risca os que non actúan ben.



6 Tes que respectar a quenda para falar cos amigos e coa familia? Por que?

Resposta modelo. Si, temos que respectar a calquera persoa cando está falando e agardar a nosa quenda. Convivimos con outras persoas e temos que respectarnos en familia, no colexio e na rúa.

SOLUCIÓNS DA AVALIACIÓN COMPLEMENTARIA

- 1 Colaborar nas tarefas domésticas. / Respectar e escoitar a opinión de todos.
- 2 Resposta aberta. O obxectivo é que sexan conscientes de que as tarefas da casa deben ser compartidas entre todos os membros, e que hai algúns compañeiros da clase que colaboran en máis tarefas.
- 3 Resposta modelo: Apelidos. A miña familia é moi grande, teño moitos curmáns e tíos. A metade da miña familia vive en Colombia e a outra metade en España. Somos todos baixiños e moi simpáticos.
- 4 Resposta aberta. O obxectivo é valorar as semellanzas e as diferenzas que temos cos diferentes grupos cos que nos relacionamos, nesta caso cos amigos.
- 5 Resposta modelo. As casas son máis grandes e poden ter xardín. Os pisos son máis pequenos, distribúense en plantas e en cada unha viven distintos veciños.
- 6 Resposta aberta. Prestar atención a que debuxen os obxectos e elementos que pertencen a cada estancia.
- 7 Resposta aberta.
- 8 Traballar en equipo respectando e tendo en conta a opinión de todos os membros.
- 9 Debemos escoitalo e darlle a nosa opinión. Se non chegamos a un acordo, podemos falalo na asemblea da clase.
- 10 Coñecer a cultura doutros países axúdanos a aprender e a entender mellor cousas novas.

7 Imita o traballo dun dos profesionais do colexio para que os teus compañeiros adiviñen de quen se trata.

8 Le as oracións e marca as actitudes correctas.

- Traballar en equipo sen contar nin respectar a opinión dun dos membros do equipo.
- Traballar en equipo respectando e tendo en conta a opinión de todos os membros.
- Traballar en equipo e só facer o que un dos membros diga porque opina máis ca o resto.

9 Subliña como debemos comportarnos cando un compañeiro nos propón unha idea que non nos gusta.

- Como é unha idea que non nos gusta, non debemos deixalo falar.
- Debemos escoitalo e darlle a nosa opinión. Se non chegamos a un acordo, podemos falalo na asemblea de clase.

10 Marca as oración correcta.

- Coñecer a cultura doutros países axúdanos a aprender e a entender mellor cousas novas.
- Coñecer a cultura doutros países non serve para nada.